

Novo xesto de solidariedade

EROSKI E OS SEUS CLIENTES DOAN MÁIS DE 560.000 EUROS A PROL DE UNICEF PARA A POBOACIÓN AFECTADA POLA CRISE EN UCRAÍNA

- Durante o mes de marzo, EROSKI levou a cabo unha campaña para axudar a cubrir as necesidades básicas da poboación afectada que precisa axuda urxente
- A próxima causa do seu programa permanente *Céntimos Solidarios* destinarase tamén aos damnificados por esta traxedia en Ucraína

Elorrio, 4 de abril do 2022.- [EROSKI](#) e os seus clientes recadaron máis de 560.000 euros na campaña de emerxencia de axuda humanitaria para as persoas damnificadas pola crise en Ucraína que estivo activa na súa rede de tendas durante o mes de marzo.

O total do doado por EROSKI e os seus clientes canalizarase ata a poboación afectada a través do Fondo de Nacións Unidas para a Infancia, [UNICEF](#), que atende en Ucraína a nenos e nenas e as súas familias dende o estoupido das hostilidades ao leste do país, nas rexións de Donetsk e Lugansk, no 2014. Ademais, UNICEF, xunto ao resto de organizacións humanitarias internacionais e en coordinación coas autoridades do país, está a traballar de xeito urxente para ampliar os programas de axuda humanitaria ao longo de toda Ucraína e países de acollida.

"Queremos agradecer a resposta que tiveron os consumidores ante este chamamento. Accións coma esta campaña son moi importantes para chegarmos a onde máis falta fai, e o máis axiña posible", sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Agradecemos novamente a resposta de EROSKI e dos seus clientes ante esta iniciativa. UNICEF enviou xa polo menos 1.275 toneladas de subministracións de emerxencia para axudar os nenos e as familias en Ucraína e nos países limítrofes. Estes envíos transportan subministracións esenciais como material médico, subministracións de auga, saneamento e hixiene, medicinas, kits para partos, equipos cirúrxicos ou kits recreativos e de desenvolvemento da primeira infancia, entre outros materiais", explicou Isidro Elezgarai, presidente de UNICEF Comité País Vasco e membro do Padroado de UNICEF España.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online

Nova causa do programa

Para este mes de abril, EROSKI inicia unha nova causa do seu programa solidario permanente, que se destinará tamén aos damnificados polas consecuencias da crise de Ucraína. A campaña comezará o vindeiro 7 de abril en EROSKI, CAPRABO e VEGALSA. O recadado destinarase a organizacións como [ACNUR](#), [CEAR](#) (Comisión Española de Axuda ao Refuxiado), [ZEHAR-Errefuxiatuekin](#) no País Vasco e [CCAR](#) (Comisión Catalá de Axuda ao Refuxiado).

A través dos céntimos solidarios ao paso por caixa, os clientes de EROSKI pódennlle facer unha pequena doazón á causa benéfica que estea en marcha en cada momento ao pagaren a súa compra con tarxeta ou móbil. A achega, sempre voluntaria e confidencial, é unha pequena cantidade simbólica de 10 céntimos para compras entre 5 e 30 euros, e de 20 céntimos para compras superiores a 30 euros.

Por outra banda, EROSKI doará roupa e calzado por valor de 100.000 euros a entidades sociais que promovan a axuda a Ucraína como Cáritas no País Vasco, a Asociación de Cooperación ao Desenvolvemento Ucraína-Euskadi e Cruz Vermella en Cataluña.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*